


## Aparece o terceiro 'Brindis' do Banquete de Conxo de 1856, o que pronunciou Luis Rodríguez Seoane

Críase perdido. Foi localizado en decembro na Biblioteca Nacional de España poucos días despois da edición do libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago).

Trátase dunha folla voandeira que Alvarellos Editora e o Consortio de Santiago reproducirán en formato facsimilar para incluír como separata do ensaio publicado en decembro.



SANTIAGO, 4 DE XANEIRO DE 2017.- Apenas unha semana despois de saír publicado, a comezos do pasado decembro, o libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago), apareceu un documento histórico que se cría perdido: o "Brindis" que pronunciou no histórico Banquete —celebrado na daquela Concello de Conxo, ao sur de Compostela, o domingo 2 de marzo de 1856— o estudante de Medicina Luis Rodríguez Seoane. A localización deste documento foi posible grazas ás xestións dos filólogos Damián Suárez e Xurxo Martínez González, este último é precisamente un dos coautores de *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*.

Ata hoxe coñecíanse os outros dos brindes pronunciados baixo a carballeira de Conxo, os dos poetas Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal (recollidos íntegros na devantida publicación sobre aquel acontecemento), pero críase perdido, mesmo inexistente, o do terceiro dos organizadores daquel evento, o de Luis Rodríguez Seoane.

O documento atopado agora na Biblioteca Nacional permítenos completar os tres pronunciamentos feitos naquel insólito acto democrático que convocou nunha mesma mesa a estudantes e artesáns.

O brinde de Rodríguez Seoane está escrito en castelán e estruturado en 11 cuartetos ou estrofas de catro versos endecasílabos (de once sílabas) cada unha. Impreso como unha folla voandeira, en formato folio, saída do prelo do compostelán Manuel Otero (quen

Folla voandeira co inicio do 'Brindis' de Rodríguez Seoane tal e como se conserva na Biblioteca Nacional de España. (Arquivo Gráfico de Alvarellos Editora).

tamén imprimira o 'Brindis' de Aurelio Aguirre), un formato destinado para a súa difusión, de man en man, pola cidade.

"ESTA DESCUBERTA É FUN FITO DESTACADO PARA A HISTORIA GALEGA"

O filólogo e coautor de *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* Xurxo Martínez González sinala que "estamos ante un suceso histórico porque restituímos a tríade de Conxo. Coa recuperación do texto de Rodríguez Seoane podemos recrear de maneira completa, 161 anos despois, o apartado dedicado aos brindes políticos do Banquete de Conxo".

"Este texto de Rodríguez Seoane —continúa Martínez González— foi unha peza cobizada por varias xeracións de investigadores. Hoxe, por fin, podemos lelo, recitalo e difundilo de maneira íntegra. A descuberta supón un fito destacado para a historia galega".

"O brindes concorda nas liñas democráticas de Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre. Isto reforza a tese (bastante sólida) de que o Banquete de Conxo foi un acto organizado, no fundamental, polo Partido Demócrata. Algúns dos versos poderían formar parte da Internacional socialista".

### FRAGMENTOS

[Inicio...]

Un brindis me pedís?... Hubo una idea  
Pura al nacer que se adornó de gracia  
Y como el soplo del eterno crea  
Otro mundo de luz la democracia

[8ª estrofa]

No lo dudéis, del pueblo defensores,  
El porvenir se encierra en vuestras manos,  
Atrás! nobleza, títulos y honores,  
Y oiga el mundo una voz, la voz de *hermanos*.

[Final]

Tú llevarás ventura a los hogares  
Y al corrompido mundo la armonía:  
Pobre bardo, te ofrezco mis cantares,  
Pobre bardo, a ti doy mi idolatría.



Luis Rodríguez Seoane nunha imaxe publicada en *El Eco de Santiago* o 18 de agosto de 1902, mes do seu pasamento.

Alvarellos Editora prepara unha edición facsimilar deste documento. Coa colaboración do Consorcio de Santiago incluírá o "Brindis" como separata no libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* e, nunha segunda edición da obra, como Apéndice especial.

**Luís Rodríguez Seoane** (Pontevedra, 1836 - Santiago, 1902) estudaba para médico en Compostela no tempo do Banquete de Conxo. Chegaría a ser catedrático de Terapéutica, e Reitor da USC, á parte de político (progresista moderado) escritor e xornalista.

Contacto con Xurxo Martínez: 659 11 74 38.

Contacto con Alvarellos Editora: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) | 981 522 137, 609 90 88 52